

Entrevista a Margarida Carballo Ramos

María Pilar García Negro
Xoán Carlos Garrido Couceiro



Margarida intervindo na inauguración do monumento ao seu pai en Compostela o 30 de outubro de 2010, cando se cumpría o centenario do seu nacemento

Ti coñeces o teu pai con 5 anos, que podes evocar deses primeiras imaxes?

Eu teño unha imaxe que non me atrevo a asegurar que fose real. Porque é difícil que me acordara, como logo se falou na casa quizais mesture unha cousa con outra. Eu lembro un día pola mañá, en Lugo, en San Roque 14, 1º, en fronte ao xardín. E recordo que me levaron para unha habitación de diante e deixáronme xogando alí. Lembro que miña avoa dixo: “si, si, ten que quedar soa que o dixo a nai”. Desde ese balcón vese a Ponte da Chanca, pero por aí víase pasar o tren. Escoitei dicir: “Xa pasa, xa pasa” e a seguinte imaxe é dun señor que me colle no chan e me abraza, e supoño que me asustaría.

E que lembrás da túa infancia?

Eu a verdade é que tiña unha infancia feliz porque aínda estaba meu pai no cárcere, tiña as miñas tías e avós e era consentida e mimada. Quizais tamén para compensar esa ausencia.

Túa nai, con teu pai no cárcere, é quen exerce de cabeza de familia, traballando fóra da casa

Xa en Ferrol, en academias, Rapa-riz, o “Centro de Enseñanza” e máis tarde nunha que se chamaba “Jorge Juan”. E meu pai ao chegar tamén traballa así aínda que logo sabería dos seus problemas por cousa da súa filiación: que non podía asinar, que cobraba menos, etc...

Ti tes contado que a ti trataban de manterte á marxe dos problemas derivados da represión...

Se entraban uns señores que revisaban a librería, o depósito do carbón, etc... e miña nai dicíanos que viñan ver a instalación da luz. E como daquela había moitos apagóns... Eu tiven xa de adulta coñecemento de que meu pai estaba en liberdade condicional.

En Ferrol xa empezou unha pequena rehabilitación co premio pola obra *A xente da Barreira*

A min non me cadran algunhas datas que se din. Se cando o premio

está en Ferrol... A Lugo viñemos no 50, el veu en outubro. E sen embargo eu lembro o momento en que lle dan a noticia do premio. Recordo tamén que un día estábamos pendentes da radio e se lía unha cousa del pola BBC, desde logo propiciada por Del Riego. E outra lembranza é dunha visita de amigos, na que estaba Otero Pedrayo e fixeron unha excursión pola ría de Ferrol.

Como foi o traslado a Lugo?

Nós a Lugo xa viñamos moito. Eu cursara xa aquí algúns anos de bacharelato. Co paso dos anos decateime de que fora porque non lles gustaba o ensino das academias nas que traballaban.

Eu recordo ter visitado a Álvaro Xil en Lugo, quen foi quen lle dou o nome de meu pai a Antonio Fernández para encargarse do colexio Fingoi. Álvaro e máis xente. Debeu de ser no verán. Cando volvemos a Ferrol, el xa queda aquí. Vai dar aulas á casa de Don Antonio e claro, meu pai só non

No acto de Inauguración do monumento a Carvalho Calero promovido pola Fundación Mendinho e AGAL. Elvira Cienfuegos (Concelleira de Medio Ambiente en Compostela), Anxo Louzao (Secretario Nacional da CIG-Ensino), Marcos Maceira (A. C. O Galo), Rubén Cela (Cabeza de lista do BNG en Compostela), Margarida Carballo Ramos, Ana Pontón (Deputada do BNG no Parlamento Galego) e M^a Pilar García Negro (Directora Xerente da Fundación Bautista Álvarez)



se afacía. Miña nai veuse para Lugo e volve a xogarse a praza, entra a traballar no Instituto. E eu chego en xaneiro do 51.

Que lembras da vosa vida na etapa de Fingoi

Para el foi un avance, aínda que aquilo era fóra da cidade, bastante afastado. A tese de doutoramento, a gramática e a historia de literatura fíxoas traballando alí. Da "Historia" lembro como cortabamos tiriñas de papel cos nomes das citas para organizar por orde alfabética a bibliografía.

E logo ti marchas a Compostela, á Universidade...

Si, lévame el e preséntame a algunhas persoas como a Otero Pedrayo que lembro como me trataba como unha señora, mesmo me falaba de vostede, eu vou visitalo ao Hotel España. El vivía nunha habitación de hotel de luns a venres coa súa muller. E logo vivo pegada a García Sabell, quen me viña buscar para xantar. Alí coñecín a Mourullo, Beiras, as fillas de García Sabell. Tamén lembro ir a casa de Piñeiro.

Como lembras o proceso de chegada de Carballo á Universidade?

Eu estaba a carón de Filgueira -cando se falaba da oposición á Cá-

tedra- e a xente alí preguntaba se se presentaría el ou meu pai. Lembro que meu pai tivo que facer tamén oposicións de Instituto e que tiña que sacar o número un para poder elixir Santiago. Oposita para ter medios económicos porque a Universidade pagaba moi pouco. Neses momentos atopou moito apoio. Logo as cousas viraron. Pero daquela García Sabell mesmo puxo un piso a súa disposición. Piñeiro estaba vivindo enriba e a súa irmá baixaba a arraxarlle a cama etc. E iso lle permitiu preparar a cátedra. Na Facultade primeiro está como profesor encargado dunha optativa. É profesor simultaneamente no Instituto "Rosalía de Castro". Cando sae a cátedra hai outro que se quere presentar pero diante da obra que asina meu pai decide non facelo. Logo sae o tribunal e vai e penso que o preside Filgueira. E, ao fin, xa no ano 72 dá aulas como catedrático co nome de "Linguística e Literatura Galega".

E coincide no tempo a creación do "Instituto de la Lengua Gallega" e a cátedra de Filoloxía Románica de Constantino García, con posicións contrapostas...

Pero, ao principio, Constantino, faíno secretario. E nos primeiros tempos leváronse moi ben. Ían xantar

xuntos os dous matrimonios, cousa que na miña casa se facía pouquísimo. E adoraban a muller de Constantino. Logo empezan as diferenzas. Ao principio da transición é bastante mimado por todos, pero logo viñeron os confrontos.



Teu pai, por exemplo, negouse a ir ao encontro con Fraga que lle organizou Sixto Seco?

Eu penso que foi un grande mérito de Sixto porque el o tiña nas súas mans, pero aceptou que tiña límites que non se podía pasar e non o pressionou. Sixto fora alumno del de Ferrrol xa, e logo en Santiago sempre vemos como aparece con el en multitude de actos. Eu estou agradecida a Sixto e a Leira polo trato que recibiu meu pai na *Rosaleda* durante a enfermidade. Por cariño persoal, pois noutro aspecto xa non tiñan ningún punto de coincidencia. E o que lle gustaría a Sixto aparecer con el xunto a Fraga!

Hai que ter en conta que el tampouco facilitaba as cousas porque non cedía nada. Facía ben. Como dicía el: "Eu xa estiben no cárcere, agora que me van facer? Vanme fusilar?". El dicía: "Estou proscrito". Si, pero non se sentiu só. A casa estaba chea de alumnos, de xente que o levaba a asociacións... sentiuse abandonado do poder establecido e sobre todo de antigos amigos.

Eu lembro un 25 de xullo en que ía o Rei á ofrenda do apóstolo á catedral, el tiña invitacións para ese acto, pero marchou para Pontedeume e dixo que tiña que vir ao santo do meu fillo -que non viña a ningún- pero por que tiña invitación? Hai quen dixo porque el corrixa o texto en galego que ía ler o rei, pero non o sei. O caso é que el tiña invitación e non quixo ir. Apareceu alí en Pontedeume, pasou o día con nós.

El tardou en que lle cancelaran os antecedentes penais. Polo visto, un día miña nai comentou que o convidaran varias veces a ir a xurar o acatamento dos principios do "Movimiento" e esas cousas e xa os cancelaban, pero el non quería. Co cal tivo que agardar a que se cumprise o prazo



Algunhas obras de diferentes épocas de Ricardo Carballo Calero

dos 25 anos. E fíxoo a través dunha xestoría.

Pero non é tamén que fixera causa diso, simplemente el non estaba disposto...


Como foi o caso da conferencia en Lugo por xestión de Fraga que lle dicían que tiña que ser en español?

Eu só recordo que se meteu na cama e dixo que estaba enfermo. Organizara Celestino Fernández, de la Vega. Ía ser no Círculo. Eu só recordo a broma da muller de Celestino, díxome M^a Luísa: "Así que está enfermo?" -ríndose- como quen xa sabía de que ía a cousa. Pero el non comentou nada na casa.

Mira até que punto nunca dicía nada que eu en Pontevedra coincidín con Torrente Ballester, e eu ía a súa casa. E meu pai nunca me comentaba nada de Torrente. Eu faláballe de que estivera con el e non dicía nada. En cambio miña nai, cando veu Torrente dar unha conferencia, lembro unha reacción dela: "Eu nunha conferencia de Torrente, nunca".

El non facía ostentación da súa posición mais tampouco facía concesións...

Claro, nunca cedía en nada. Hoxe estamos moi orgullosas diso, pero no




momento... Eu fixen a primeira comunión coa miña tía e miña avoa e eles non foron. Son cousas que vas notando...

E a derradeira década foi unha época de grande activismo aínda que de afastamento oficial, que quizais fose unha recuperación dos seus primeiros anos da época da República...

Eses anos vivinos pouco. Nacen os meus fillos, pero cando retomei moito a relación con el foi cando enfermou. E alí coñecín a moita da xente que o trataba. E recordo as colaboracións xornalísticas, os congresos etc.

Dunha persoa tan poliédrica como teu pai, que subliñarías como o fundamental?



El dicía que o que máis lle gustaba é ser poeta, pero nós ríamos. A calidade del como novelista está aí, aínda veño de ler *A Xente da Barreira*: é a familia, a casa, e os recordos da miña nai. O que pasa é que diso dáste conta moito despois. El mestura... é como cando de *Scorpio* se di que é biográfica. Colle moito da súa vida, da súa nenez, pero como me dicía el: "eu non morrín na guerra". Pero tamén o personaxe secundario, o que marcha para Portugal, ten tamén moito del. As excursións que relata, cando ían de veraneo... E a casa retrata a de Santiago actual... pero o que para min foi a súa faceta fundamental e o cumio da súa carreira é a de ser catedrático da Universidade de Santiago de Compostela... ■